

INFORMACIÓN CURSO 20 – 21 5º A

Todos os anos comezamos cunha reunión na que damos información das normas e condicións xerais que teremos no curso académico. Neste curso, por mor do Covid-19, en lugar de ser presencial envío o presente escrito para informalos a vdes.

O horario de atención a proxenitores varía con respecto ao ano anterior, neste curso será de 16:00 a 17:00 h e, preferentemente, de xeito telemático, coma sempre é preciso solicitar cita para que o titor poda dar a información máis completa recopilando dos especialistas das outras materias que o titor non imparte.

Os alumnos que colleron a axenda escolar do colexio poden ler con atención as follas amarelas de consellos de estudo e normas que seguen sendo válidas, destacaríase especialmente neste curso a puntualidade, que sempre é importante pero este ano, se cadra, algo máis. Tamén se recomenda nesas follas amarelas que o lugar de estudo habitual dos alumnos sexa un lugar fixo, sen cousas que o poidan despistar (televisión, ruidos, etc.), en canto ao tempo non convén que sexa excesivo, é mellor estudar un pouco cada día que atragoarse intentando estudar todo xunto dunha vez. Recorden tamén a importancia do descanso, os alumnos destas idades deberían durmir unhas 9 horas diarias.

É importante que consideremos que tanto os mestres como os pais e nais queremos o mellor para os nenos, os mestres adicámonos especialmente ao aspecto académico pero sempre procurando que os alumnos aproveiten todo o que poidan para conquistar o mellor deles, nunca para fastidialos. Considero que en caso de que houbera algunha diferenza, suxerencia ou queixa en relación con algún profesor, o mellor sería falalo persoalmente para arranxar calquera posible confusión. Se ocorre algunha circunstancia que poida afectar ao alumno no seu rendemento (problema familiar, separación dos pais, enfermidade dalgún familiar ou calquera causa que poida preocupar ao alumno) sería bo comunicalo ao titor para poder telo en conta (contando de antemán sempre coa discreción que esixen estas circunstancias), igualmente convén a comunicación de posibles alerxias ou enfermidades crónicas que poidan xurdir no alumnado.

En canto ao acceso ao centro escolar por parte dos proxenitores, igual ca en anos anteriores, non se permite a circulación polo colexio de persoal alleo ao centro, deberán acudir á conserxería para que o persoal do centro actúe de acordo cos protocolos. Este ano, ademais, non nos permiten recibir a ninguén en horario que poida circular o alumnado polo centro, polo que non podemos recibir a ninguén nos recreos nin cambios de clase, debemos deixar un marxe de 5 min. antes e despois dos cambios de clase para recibir a provedores e, por suposto, tamén aos proxenitores dos alumnos.

Este ano, ao participar no proxecto E-dixgal, os alumnos de 5º non terán libro de texto en papel, utilizarán un ordenador portátil que será en préstamo da Xunta de Galicia e deberá ser devolto en boas condicións, recibirán una folla co compromiso de devolución e coidado adecuado (igual que se facía cos libros en papel), na páx. de E-dixgal teñen máis información para as familias ao respecto, poden acceder por medio do buscador de internet ou utilizando o código QR que figura na mesma folla ou no ordenador do alumno.

Non sempre levarán o ordenador á casa, pero en caso de levalo, se tiveran que facelo algunha vez, terán que lembrarse de poñelo a cargar para usalo ao día seguinte na clase. Non comezaremos aínda cos ordenadores porque temos que recibir os dos mestres e acabar uns cursos de manexo da aula virtual e da plataforma E-dixgal.

Para concertar as citas, poden facelo a través da axenda escolar ou chamando aos teléfonos do colexio (886151450/ 51/ 52). Tamén pode ser a través do correo do colexio (ceip.isidora.riestra@edu.xunta.gal) ou no meu particular (dido@edu.xunta.gal).

Atentamente:

O Titor

José M. Vales Lozano